Confesor.—Vaya, hijo, puéde V. retirarse y confesarse con otro que sea del mismo pais para que la confesion no vaya expuesta.

Gallego.—Eu non sei quen ten à culpa de que non nomeemos as cousas de un mismo modo pois ó noso señor Abade anque lle estemos parolando toda amiñan, entendenos todo.

Confesor.—Hijo tiene V. razon, es cosa bien rara, que dos de una misma nacion tengan que buscar intérpetre. Tanto se ha escrito que apenas hay ya sobre que hacerlo y no se le ha ocurrido á uno formar un vocabulario de cada dialecto para salir de estos apuros; pues si le hubiese impreso al menos sabriamos el significado de esos vocablos.

Gallego.—Elojo vustéde será á ló do fin do mundo, que non nos entende? pois envarruntei canto falou, que ainda Dios me deu bos meolos.

Confesor.—De tan lejos soy, hijo mio, que soy español, pero jamás oí semejante modo de expresarse, voy á ver si consigo se imprima el vocabulario que llevo dicho.

Diálogo entre un Caballero y un Gallego.

Caballero.—Oiga V. paisano? Vende V. esa mula?

Gallego.—Inda no maxinei, Señor, eu pechareina no menos que poida.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

Caballero.—Cómo que la pechará V?

Gallego.—O Señor, seique non é da có, pois mire, besta de mellor bela, é que mais trouse no na apaña.

Caballero.—Que diablo, cuanto disparate ha insertado este labriego; Judas que lo entienda. ¿Y éste es paisano mio? Si al menos tuviéramos un vocabulario de su dialecto, aun podiamos hablar algo con ellos.

Vaya, dejaremos nuestro trato, ya nos veremos en la féria y allí vuscaré quien le entienda.

Diálogo entre un Hacendado castellano y un Gallego.

Hacendado.—¿Con qué es este el lugar que tiene V. para vender?

Gallego.—Sì Señor e mais terra mellor e mas sustansiosa no no abranque.

Hacendado.—Bien sea lo que quiera; no le entiendo: vamos á verlo.

Gallego.—Velo alí ten: o sobrado está casque novo que e donde temos os leitos: es alle un pouco porco o chan porque inda antonte veu á có noso amo é tuben que maxinar pra ó compor.

Hacendado.—Dice V. que vino su amo? ¿pues qué no me dijo poco ha que V. era el verdadero dueño de todo?

Gallego.—Ay! catá, o amo que veu á có oy o pai dos melrros, que tiben miña aboa gindada no leito e mais ben empeitisa; e cando noso Señor veu á nosa casa hay que limpar todo.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Hacendado.—Ahora algo le entiendo: ¿qué tales son los servicios del lugar?

Gallego.—O peor son os trabucos que abranquen todos os anos que si non fora eso, inda eu estale si o pechaba no que puxen.

Hacendado —¿Pues qué, cuántos trabucos tiene V?

Gallego.—Carasto, inda no me chejan os emprejos da Corte para pajalos.

Hacendado.—Vaya V. al diablo con sus trabucos emprejos y lenguage, que maldito entiendo palabra. A Dios amigo.

Gallego.—El oiéu? veña á có Señor, eu lle nomearéi todo polo craro.

Hacendado —Que le nomee á V. Satanás, ya mandaré al mayordomo para que trate con V. Es una vergüenza que no nos entendamos en una misma nacion. Antes de marcharme á mi pais, me he de empeñar en hacer que se imprima un vocabulario gallego, y con eso entenderé algo á estos labriegos.

Diálogo entre un Médico madrileño y un Labrador Gallego.

Médico.—Vamos á ver: ¿qué trae V? y no sea pesado, pues yo no vengo á curar, sino á ciertos asuntos para marcharme luego á mi pais.

Gallego.—Señor, eu aló no dia do San Giljorio atisvei un coello é ceibeime a él decontado, pero como

REAL ACADEMIA GALEGA · COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

paresia un lostrojo á fuxir, non puden apañar, é estonses espinisquei una canela que non paro co dor; chantei un cerello nun a cunca de auja, e dempois funa poñendo dose, pero hoxe está mais majoada, e mais quinta feira pregeille catro samasujas.

Médico.—¿Acabó V? Bueno es qne estoy acostumbrado con ustedes; pues sino seria necesario curarlos por el método de los fátuos: yo creo que es mas fácil aprender los vocábulos de nuestras recetas, que los de que se compone su dialecto.

Gallego.—¿E lojo qué barrunta? pois ten os beizos ben largos.

Médico.—Barrunto que sino marcha cuanto antes, le sacudo las costillas; váyase V. á casa y póngase en la pierna el parchito que le darán en la botica.

Gallego.—¿E canto ei de pechar Señor?

Médico.—Váyase á pechar al infierno.

Gallego.—¡Oy que lonxe me manda! no oxe está ben empeitizo.

Diálogo entre un Amo y un Criado.

Amo.—¿Cómo te llamas muchacho?

Criado.—Eu chamome Jarabiel, Señor.

Amo.—Has de hablar siempre como yo, pues no quiero que me vicies los niños con resabios, que despues son malos de enmendar.

Criado.—Perda vostede cuidado, que desde oxe hé de falar castejano.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

Amo.—Buena la tenemos: por lo que veo no vales para mi casa.

Criado.—¿Pois barrunta vostede que eu non sey rebuldar cos picaros y limparlles la monteira? ainda Dios me dou caletre, que non so tan berjallan.

Amo.—No es nada lo que me dices, pues no llevaba mal diccionario para mi casa. En fin voy á seguir la broma, que maldito palabra entendí. Dime: ¿has servido ya en algun sitio?

Gallego.—Estuben en casa de un vinculero dos años para manterlle unas bestas que tiña y tamen lle andaba cos picaros, levábalos á escola é pareséndolle que xurdia pouco gindarome fora.

Amo.—¿Y sabes alguna habilidad?

Gallego.—Si Señor, sei o xojo do abillon y moitos contos.

Amo.—Pues véte con tus habilidades á casa de Judas que en la mia no quiero que se oigan ni digan semejantes sandeces, pues no entiendo, jota como vendan algun vocabulario gallego, soy el primero á comprarle solo por entender á estos hombres.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

DEL ACTOR

A CREASION E A REDENSION.

Dinavos jovernar, ó Lus Divina,
a miña pruma pois eu quixera
canto mellor houbere podido
cantar a relixon coxe hay na terra,
e a que nos chamamos cristianismo
por que fochedes Vos o Autor de la
pois as outras sectas tan xudias,
non se an de nomear nos nosos dias.

En si mismo estaba o que xa era
josando na sua jrandesa infinita,
cando nin seu nin terra El fixera,
nin ó sol as prantas dera vida,
nin home aljun camiño andubera,
porque tampouco terra non habia,
e solo si Dios ¡cousa ca sombra!
pudo haber feito esta grande obra.

Naquel mismo momento qne El quixo
dispuxo que da nada se fixera
todo canto nosoutros temos visto
aló no alto seu e acó na terra;
e como o demo cos seus foi perdido

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

foron todos gindados o inferno,
quedando so pro home jardada
aquela felisidá tan despresiada.

Xa o primeiro home co aquel ben
pareselle que e un rey supremo
de cantos animás alí se ven
paseando de un ó outro estremo,
xa pondo sobre ó Lion o seu pe
o mesmo que sobre á Loba fera,
todos os elimentos sin eseusion
o primeiro home rinden sumision.

Adan pois e o morador do mundo
e sin compaña naquel juerto
mais Dios poñía atenson neste punto
infundindo en él un sono presto,
pro cando de el saléu confuso
e con un a muller se veu desperto
escramou todo el cheo de joso,
ti eres á miña carne e o meu oso.

A serpente infernal desde ó abismo
á felisidá do home atisbaba
e metendose lojo no paraiso
para ter co él un a camorrada
barruntando ser de Eva conosido,
nun a roxa cobreja chantado
achejouse a muller que estaba sola
e fixo que pecase aquela boba.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

¿Como e posible, dixo, atraisoada,
sendo ti un a muller tan lerda
e dona de esta horta rejalada,
dejoxes pola froita que hay en ela
e que sinto no na teñas xa probada,
pois encontrarias justo en ela?
compadeseme esa inosensia
e por eso che fajo esta asvertensia.

Asi a probe de Eva aturdida
a oir que falaba un animal,
entre dentes lle dixo estremesida,
nunca eu apañara a froita tal,
porque me dixeron que contiña
aló dentro de si un jrande mal,
é por eso sempre hei de obedeser
á quen por nos tal ben quixo faser.

Non, muller non, dixolle o taimado,
ben sabia ese Dios que no momento
quesa froita houbesedes probado,
habiades de ter como él conosemento
discubrindo todos os seus cotarros;
non che fan falla alju a esos consellos
para josar da felisidá comprida
de que serás doña toda tua vida.

Posta pois sobre o rabo envenenado
dun brinco se botou do paraiso,
deixando á vitoria prinsipiada,

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

mentras ca muller puxo no olvido
o que Dios pouco antes lle encarjara,
e estirando á sua man atribida
á condenada froita apañou,
que non sey como co ela non estoupou.

Os demos todos xa esbufaban,
cando Lusifer saltou á lo dentro,
e chamando un por un, escramaba,
o home queda perdido para sempre;
xa trajou por fin aquel vocado
o que nonlle salirá mais da dentro,
bebamos pois todos un a jota
desa auja do inferno pola derrota.

Asì desia aquela chusma infame
no medio da subios espantosos,
e bibian coa auja os condenados
o sanjrado cuspe da sua voca;
despois de haber todos eles berrado,
o fin saleu ben á nosa obra;
sérrese para sempre ese juerto
e botense os homes acó o inferno.

Non será así, non, anxel malvado,
canque o home foi antoxadiso
e o teu trunfo e tan pubricado,
tamen á tua menjua habera sido
muy lojo compreta e castijada,
e xa que un a muller foi vensida,

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

outra mellor que ela naserá
quesa tua cabesa esmajará.

O jran Dios da more Santidá
que asi se veu do home despresiado,
determinou poñer coto á tal maldá
e prejuntando á Adan todo enfadado
di: ¿porqué comiche á froita ti Adan?
este, cheo de medo e averjonsado,
respondeulle, Señor, teño verjonsa,
porque me vexo en coiro e sin honra.

Teño o meu corason moy majoado
por verme do modo en que estou,
á muller que puxeches o meu lado,
con esa minjuada froita me brindou,
e entonses enjullin ese bocado
sin saber á rabecha que me dou:
perdon meu amorsiño, aqui vos pido,
e valéme, Señor, que estou perdido.

E ti muller tola e imprudente,
¿cómo foi que crebache á ley sagrada?
Señor, respondeu, foi á serpente
a que me mandou que apañara
a froita do arbole da sensia
porque nela á vida se encontraba;
pero xa tremandome o corason
pídovos, Señor, oxe aqui perdon.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Todo canto para vos fixen da nada
da miña mau ó ser ha resibido
e nunca do que mando se separa
nin nunca á miña vos foi desoida,
e solo vosoutros, xente infame,
houbechedes á miña ley rompido;
habedesme de pajar ese pecado,
xaque o fixechedes con tal descaro.

Mortes, pestes e gerras xa serán
á heredá que houbechedes janado
e cando queirades comer o pan,
antes co voso sudor será mollado,
e as mulleres os fillos pariran
no mais grande door e desamparo;
porque quen tanto mal faser quixo
xusto e que resiba o seu castijo.

Chorá, chorá xa ben, desjrasiados,
a oir que tal será á vosa sorte,
e sabede que está determinado
sufrades tamen o fin á triste morte;
pois vermes que contra min san lebantado
e moi xusto que en polvo pronto tornen;
perdichedes á vosa felisidá
vendendo á vosa propia libertá.

Eu que nos meus plas da Creasion
a vosa sorte habia preparado
dandovos á pasífica poseson

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

dun xardin para min tan estimado,
hastra que fosedes para a mansion
a ocupar o lujar preparado,
e o que perdeu aquela chusma infame
que contra o seu Dios quixo rebelarse.

E ti esprito sobervio e atrevido
que aquel meu jarrido e Eterno solio
a tua nejra pranta emporcar quixo,
quedando de anxel puro feito un coiro,
á tua verjonsa oxe pernostico,
deixarei bulrada esa vitoria;
pois si a un a muller boba enfoumache,
outra mellor virá que ben te esmage.

Antes por lus bella eras conesido
tanto que dempois de min no habia outro,
que mais jarridos houbese resibido,
pro desde oxe dun a otro polo
todos confesarán fuche vensido,
e chamaranche sempre escorso;
tirate xa da miña presensia,
e leba aló o inferno esa sentensia.

E verdá que o home co a tua maña
jran catralvo ti intentache perder,
e de feito ben mo has estrajado,
pro tamen penso lojo por el volver;
lebantareino do jolpe pejado
valéndome dun a hermosa muller

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

mais jarridá co sol e as estrelas,
ca de crebar lojo esas cadeas.

Aquel rey do inferno asi firido
retorsendose ben na dura terra,
sobre o lonjo rabo veuse ergido,
e conosendo el o que fixera,
chantouse á lo dentro do abismo
xunto os compañeiros que tubera
na quela jran burrada pretenson,
que lles costou á sua perdison.

Adan meu coitado coa sua esposa
daquel juapo xardin foron botados
pra cumprir a condena penosa
e ir pajando xa o nejro pecado:
ven á terra que está toda roxa
sin que teña de pan un bocado,
trabállana por fin coa sua mau
para que poidese coller aljun jrau.

A tal probesa se ven redusidos
estes primeiros reyses da terra,
que con un as follas que han collido
pronto o primeiro vistido fixeron,
sufrindo con pasensia o castijo
que Noso Señor antes impuxera,
e mereseran deste modo o perdon
que lles pudera sirvir de salvasion.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Por fillos tuberon á Cain e Abel
e como aquel era moy catralvo,
porque o hirmau era mellor que él,
discurreu como poder matalo,
e en efecto ceibouse sobre él
deixandoo morto na terra tirado:
vede aqui un omisidio comitido
por un home en culpa consibido.

Pro nunca ninjun arteiro atribido
si a Santa Ley de Dios oubo tripado
xamais daquel castijo meresido
tarde ou sedo del se habera librado;
asi e que Cain sempre andibo
entre os homes triste e esjumiado,
pois adonde queira que el se dirixia
a sombra de seu hirmau lle segía,

Pasados por fin dasasete sijros
e abitada xa moita terra,
os homes fixeronse moy cuchinos,
porque os visios á todos corromperan;
enfadado así Dios de estos dilitos
un dilubio de auja prometera,
que anajando aquel mundo insolente,
non deixara nel ninjun vivente.

Un a familja habia ¡cousa rara!
a do virtudoso Noé sobre á terra
e ca Ley Santa de Dios sempre jardaba,

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

por eso daquel castijo ela non era:
mandàndoulle Dios que frabicara
un a jran ucha en que se metera
para que non morrera afojado,
pois o mundo iba terse por acabado.

As nubes aló desde ó Ceu se desfan,
e as aujas caen á torrentes,
os mares e os rios cheos ban
por corenta dias e noites sigentes,
e ainda cando mais esforsos fan,
o fin homes e bestas todos peresen:
un a vista terrible demostraba
o mundo de Noe que asi acababa.

Todos os fillos e os pais supricando,
os vellos e os nenos confundidos
todos andaban xuntos chorando,
os peixes e os animás anfibios,
os mismos árbores andaban nadando;
de modo que todo o mundo era un rio;
estonses si cos homes conoseron
os pecados que contra Dios fixeron.

Pasados onse meses nesta rierta,
soprou un vento forte que o momento
foy muy lojo enxujando toda aterra,
e salindo Noe do aposento
lojo fixo un altar en que ofresera
o seu homenaxe o Onipotente,

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

fasendo ver cocso os mortales
cal debe ser á fé en casos tales.

Terrible era o aspecto que mostraba
a jran chea de auja sobre á terra,
tanto co mesmo Dios asejuraba
que nunca ese delubio caerá nela,
pois o fin o home non se emendaba
por mais castijos que sobre el viñeran,
e para que estubesemos sejuros
o arco da bella puxo aló nas nubes.

Despois que pasaron moitos dias
de todo esto o home olvidado
e de tantos bes como Dios lle fasía
entrejandose os mismos pecados
coa mayor locura e picardía,
solo con serto pueblo deixou pautado
que habia de vivir moy ben co el,
cabendolle esta sorte o de Israel.

Para esto doulle leyses e joverno,
moitos profetas e homes ispirados,
que co seu virtudoso e Santo selo,
e da bulla do mundo ritirados,
os libraran das penas do inferno,
pro inda asi non deixaban os pecados:
maldá condenada e a do home
ca estos favores non corresponde.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Conque, e serto, Satanás, que vinsiche
e pro home non hay aljun remedio
desde que o jolpe de morte lle diche,
e aquela tua vinja tubo efecto,
todos os mortás son teus fillos
pois que neste pecado os has colleito:
Confúndete averjonsado Lusifer
porque vai á ridimirse á Israel.

Chobede, Ceus, o xusto, escramaban
os Santos aló no limbo mitidos;
e dempois de corenta síjros de pesares,
o fin Dios mirounos como fillos,
escollendo das altas potestades
a un jalan e destro paraninfo
pra que lojo á Nasaré marchase
e a Maria á mision manifestase.

A estrela da quel hermoso dia
dou á vida o mundo destrosado,
pois desde que se dixo fájase,
o Divino Verbo habia encarnado:
énchete de joso, Sion divina,
ca redenson do home está chejada;
crébense xa esos fortes frenos
con que o demo nos tiña á todos presos.

No mes aterido de Desembre
estando á noite na mitá menos que era
e os homes entrejados como sempre,

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

o sono en que Morfeu os metera,
para que desen descanso o seus membros
que tanto exersisio eles fixeran,
o Verbo Divino á naser vay
quedando sempre Virxen á sua nay.

Nase o Dios neno ¡quen o dixera!
dentro dun pendello emporcado,
e non habendo alí cama siquera,
sobre un duro presebre está gindado;
e sendo Rey de reyses como era,
de dous animás está acompañado;
moitas bajuas votaxa o Dios home
e a su nay no seu peito o esconde.

Os pastores sinsillos que temprano
nos montes o seu jado jardaban,
dos anxeles risiviron un recado
oindo un a cantija que entonaron,
Groria á Dios, disian aló no alto,
e pas os que de veras a desearan,
porque aco no mundo se encontra xá
o que as nosas cadeas romperá.

O virtudoso Gosé habia salido
a vuscar por Belen aljun recurso,
pro o home fixose desentendido,
e volveuse o pendello todo confuso,
mais o ver un neno tan jarrido
de rodillas chorando lojo se puxo,

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

disindo o mesmo tempo ¡oy que abatido
te vexo oxe aqui, meu jaridiño!

Pro auque Dios habia escollido
por seu un solo pueblo, con todo eso,
non deixou de chamar o xentilismo
por medio dun a estrela que aparese
a que os reyses majos presto viron,
e pasmados de este jran suseso,
votan para Belen, e encontraron
o novo Rey nado que adoraron.

Con respeto ofresenlle as primisias
da fe mais verdadeira e sinjular,
o insienso, o ouro e mais á mirra,
como á Dios, como a Rey e a mortal;
e apereséndoselles outra ves a su gia
determinan deixar aquel portal,
pubricando por todos os camiños
que xa viñera o Misias pormitido.

A ambicion dos homes e catralva,
e polo jran antoxo de dominar
aquel cocho de Herodes; lojo manda
sanjre dos inosentes derramar,
pro nin esta crueldá inda no calma
hastra co Dios neno poida encontrar,
mais este fuxindose pro aló o Egito
soupo moy ben librarse do confrito.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Sete anos estubo desterrado,
hastra cun Anxel a San Gosé dixo,
que se volvese outra ves sin reparo;
pois que Herodes xa se habia ido
estando nos infernos ben mitido;
postos co esta notisía o camiño,
chejaron o fin e o fallo a Israel
o Dios neno, sua Nay e San Gosé.

No tempo ca sua casa abitaban,
Gosé traballando no seu ofisio
jrandes cousas ali parolaban,
sendo un verdadeiro Ceu aquel sitio
como que con Dios sempre se encontraban;
cheos xa de joso e de amar vivo
hastra que o Esposo cascado cos anos,
foi a ocupar o seno dos Santos.

Chejou por fin o tempo siñalado,
en que o Redentor o mundo salise
pra poder borrar o jran pecado,
e do alto Ceu as portas se abrisen
e os Santos no Limbo pechados
canto antes pra Groria fuxisen;
por eso da sua Nay se dispide
e a sua bendision antes lle pide.

Áquela triste Señora de Nasaré,
abrasando o seu fillo cariñosa,
e moitas bajnas botando sobre él

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

¡ay de min! lle dise, quedo sola;
¡oy si se pudese ridimir a Israel,
sin esta morte cruel, e afrentosa!
pro xa que nos profetas está escrito,
marcha meu amorsiño á tal suprisio.

Saleu pois Noso Señor o mundo
e pra tan jrande obra tubo escollida,
un a dusia de homes muy oscuros
dos que na Jalilea habia visto,
con estos pubricou o amor puro
que quixo houbese sempre entre os seus fillos,
de cote lles falou por enimas
pra que asi entendesen as doutrinas.

De estes sempre con tres acompañado
pra que fosen tistijos dos seus prodigios,
tales foron: Pedro, Xan e Santiajo
os que os jrandes misterios lebou consijo;
ora á Trasfijerasion no Tabor,
xa as bodas de Caná e os Olivos
alí viron á su groria e poder,
e no juerto o jrande deseo de padeser.

Os sejos, os mudos e tullidos;
os leprosos, os xordos e posesos,
moitos favores del han resibido;
recobrando o uso dos seus membros:
e camiñando así reconosidos
pubricaban todos os portentos;

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

de modo que oir tanto milajro
nunca as xentes o deixaban sosejado.

Aquí Saquéu pidille cumpunxido,
alí o Sinturion pidille cremensia,
a viuda de Nain chora o seu fillo,
e Xesus prometelle a asistensia;
a Samaritana ten parte nestos prodixios
sanando a sua alma da dolensia;
e Madanela que ve estos milajros
puxose a chorar tamen os seus pecados.

Lasaro un dos mellores amijos
xa habia catro dias que morrera,
e Marta anejada co confrito
o Señor lle supricou que viñera;
chejándose pois xunto o seu amijo
da coba lle manda que se ergera,
autorisando así de esta sorte,
que mandaba El hastra na morte.

Por estos e outros novos portentos
enchéronse de invidia os xudios,
e collendo de pedras o momento
quixeron a pedrearlo os inpios,
pro como ainda non chejara o tempo
nin o seus dias se habian cumprido,
Xesus do medio deles habiase escapado
hastra que chejase o dia siñalado.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

Pra prepararse tan jran maestro
a beber un calis tan amarjo,
anque nada nesisitaba desto,
corenta dias e noites ha ayunado;
aló nun moy aspero deserto
donde Satanás habia chejado,
e a donde o Señor nos dou un a leision
do modo de venser a tentasion.

Un dia que Xesus se dirixia
a injrata siudá de Guerusalen,
cando xa de preto el a via
os Apostolos dixolles: sabede
que aquela siudà sera deisida,
pois ne la, amiña sanjre van verter,
pro vosotros non vos escandalisedes,
pois dentro de pouco xa me sigiredes.

Prejuntándolle tres veses a San Pedro
si o amaba con especial amor,
respondeulle lojo con jran selo,
ven sabedes que vos amo, meu Señor:
pois as ovellas e cordeiros che entrejo,
asmas de jardar como bo pastor;
e a autoridá que de meu Pai trajo
quédache a ti como seu vicario.

Pra eso eu baixey do Ceu á terra
a fundar firme a Santa Igresia,
ti serás o fundamento de la

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

e jovernarála como sua cabesa,
e si o inferno quixese desfasela,
confundiráse nesa sua empresa;
pois eu sempre estaréi o teu lado,
e esas tormentas habrei disipado.

A oir os xudios que Xesus
na siudá iba faser a entrada,
reconosendo nel jran virtú
salen todos a resibilo con palmas;
tamen os nenos mostraron jratitú,
e entonando o Señor as alabansas
groria o fillo de Daví disian;
e deste modo as calles recorrian.

Sabendo xa Xesus que se asercaba
a hora tan terrible da partida,
no Senáculo mandou se preparara
a Cea pra entrejar os Disiplos
o prisioso corpo e sanjre consajrada
pro fin de unilos con amor fino;
ali estaba Noso Señor moy rebaixado
pra darnos tan selestial bocado.

E non contento cun amor infinito,
dispuxo ainda mayor humillasion,
labandolles os pes os seus Disiplos,
sin faser nin de Xudas distinsion;
sabendo que xa o tiña vindido
con un a vil e ben porca traision;

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

e posto Xesus xunta aquel cocho
aqueles nejros pes lle labou lojo.

Pasmense os Ceus de esta humillasion,
e asmirese á bondá do Noso Dios,
que asi quixo disimular tal traision,
cainda estando no mayor door
non se olvidou de mirar con compasion
a un Disipulo taimado e traidor;
enseñando asi as criaturas
como deben perdonarse as inxurias.

Acabada aquela Cea lejal,
camiñaron os juertos dos Olivos
donde o Divino Maestro iba a orar
por todos os pecados comitidos,
e a sua ajonía chejou á tal
que a sanjre do seu corpo lle salia;
os Disiplos que dormidos estaban
de canto alí pasaba se olvidaban.

Xa a chusma infame chea de veneno
que co espia infame habia chejado,
prejuntando por Xexus de Nasáreno
e cun bico de Xudas encaixado
lojo conoseron o manso cordeiro
que polos Apostolos está majoado,
disindo: que xaque á el vuscaban,
alí o tiñan e os maís deixaran.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Entre alaridos e atruxos infernás,
lebaron á Xesus seus enimijos;
us, dándolle ¡ay! jolpes mortás,
e outros escarnisindo atribidos:
alí confundeno cos criminás,
mais aló, dun loco o ven vistido,
e todos a porfia o despresian,
sufrindo Xesus con jran pasensia.

Pilatos da quela causa se informa,
e vendo que de todo era inosente,
reprende a senreira da quela orda,
disindolles: non era dilinquente;
pro o pueblo rebelde quer que morra,
e chama vivandeiro o presidente;
estonses o cobarde mando asoutar
pra que a xente non teña que falar.

¡Oy noite terrible en que o Señor
sufreu os tormentos mais atroses,
sin que houbera aljun a compasion
cando zorrejaban tamaños jolpes
sobre un corpo cheo de door!
non oindose alí outras voses,
que quitános de diante ese home
e lebáo canto antes pra quel monte.

Nin por disirlle que habia Barrabás,
ladron, fasineroso e homisida;
por eso non se moveron a piedá,

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

antes de Xesus aquela hermosa vida
se quitara; pidiron con maldá,
a sua intension asi conosida;
o pretor, o ladron deixa libre
condenando a Xesus a morte horrible.

¿Non lle bastaba o pueblo alborotado
haber posto o Señor nun balcon,
para disirlle ahi está emendado
o que tiñas por revolvedor?
pois tan lexos de habelo acalado,
da quel infernal odio no librou,
porque todos eles xuntos berran
que canto antes á morte lle deran.

Xa a chusma soldadesca vai jardando
o que vai a sufrir a morte horrenda
e pra que a bulra sea mais notada
que marche entre dous ladros ordena,
un a Crus lle poñen moy pesada
sobre os hombros do amorosiño reo,
pois quixeron con esto intentar
dos mais homes a Xesus diferensiar.

O camiño da vitima inosente
presentouse sua Nay aconxojada;
e metendose por entre aquela xente
ve o seu quirido fillo ensanjrentado,
cal si fora o mayor dilinquente;
e o seu dulse Xesus lle ha falado:

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

¿qué mal fixeches o mundo, ti meu fillo,
pra que se houbese portado asi contijo?

Lebantando Xesus a sua cabesa
e mirando como pudo a sua Nay,
dixolle cheo da mayor tristesa,
xa a hora chejou en que meu Pay
dispon que a vida humilde ofresa,
pra pajar os pecados co home fai:
quitavos da qui miña Nay quirida,
non vos subades o monte da mirra.

Non choredes fillas de Xerusalen
a morte que moy lojo habrei tido,
sabede que esto e pro voso ben;
chora polo que lles espera os vosos fillos;
vide conmijo o monte tamen,
pra que poidades de min dispidirvos;
pois ¿si esto o mundo fai o Redentor,
que castijo lle espera o pecador?

Ritire xa o Sol esa lus bermella,
e estreméscase tamen á terra,
que xa a Xesus a tunica desnudan
deixando en coiro aquela xente fera
¡ou Nay que estás toda chea de amarjura!
¡quen aquel corpiño tapar pudera!
pro xa tarde haberedes chejado,
porque xa na Santa Cruś está crabado.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Suspendé verdujos esos jolpes
co corason esmajan de María;
pois con ninjun dos outros homes
tubechedes vosoutros tanta tirria,
e solo co él sodes feroses
pro da venjansa chejará o dia,
e chorarédes á vosa perdision
xa que non quixechedəs a redension.

Por fin cumpreu Xesus o que viñera
dempois de habernos dado jras leisos
e o Paraiso á Dimas prometera
pidindo tamen perdon polos sayós,
que po la tunica tanto riñeran
rachandoa toda ela como liós,
cantos nos nosos dias tamen se ven
ca Sajrada tunica queren romper.

A sesta houbo Xesus cunsumado
aquela jrande obra de Redension,
e casque toda a tarde quedou coljado
hastra que se disideu un jran varon
a pidir o corpo pra sepultalo,
nun sepulcro da sua posesion:
alcansado esto lojo do pretor,
con honra enterraron o Redentor.

Aquí faltanme as forsas, o confeso;
pra poder sigír ben a narrasion,
porque estou vendo aquel corpo erto

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

que polo Espritu Santo se formou,
e o seu peito coa lansa aberto
do que sanjre e auja xa manou,
a afflixida Nay atenta o miraba,
e sobre el moitas bajuas botaba.

O nomear aqui o door de Maria
naquela sua anjustía e Soledá,
un a falta jarrafal cometeria
moy propia da miña nesedá,
e quen aljo aqui disir poidera
un anxel da xerarquia selestial,
pois a Nay sin o fillo non vivia
e polo nome o chamaba naquel dia.

Enserrado Xesus no sepulcro,
e temendo os xudios un enjaño
mandaron que o puxesen ben sijuro
e que por soldado fose vixilado,
pro cando eles estaban moy sijuros,
de entre os mortos veuse lebantado:
pasmados con esta jran novedá
trataron de aumentar á impiedá.

Pra esto ordenan os soldados
dixesen que estando dormindo,
os Disiplos habian arroubado
o morto, calí habían mitido,
como si un que está enaxenado,
poidera disir como habia sido

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

tal foi a perversa segedá
castra nesto se veu á maldá.

A primeira que o veu resusitado
foi a quirida Nay que chorando
esperaba o momento deseado,
para abrasar o seu fillo moy amado,
e en tal confrito sempre sollosando;
risibéu jran consuelo non seu llanto,
e lojo ca Señora visitou,
tamen a ver os Apóstolos se marchou.

Corenta dias sobre a terra se encontrou.
perparando os simentos da Iglesia
o cabo dos que se elevou
pra sentarse de seu Pay a Destra;
e todos os Disiplos choraron,
pro el prometeulle a asistencia
quelles inviaria o Esprito Divino
pra que os fixese fortes no pilijro.

En efeuto os des dias que subeu
e estando todos eles no Senaclo,
a hora de tersia xa se veu
o Esprito Divino a ló do alto,
que sobre os Apostolos desendeu
tanto que os que pouco habia eran fracos
ajora cheos do mayor fervor
pedrican que Xesus é o Redentor.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Xa non podian conter aquel fojo
no seus corasós nel abrasados,
e determinan repartirse lojo
para poder faser novos cristianos,
sin armas e sjn diñeiro, nin outro abono;
recorreron os paises estraños
tirando cos idolos que encontraron
e que os homes o demo lebantaron.

Desde donde sale o Sol hastra o seu ocaso,
pedricaron a nova relixion;
e sobre o Capitolio esta prantado
o Santo arbor da nosa relixion
o jrande Costantino que veu estaba
esculpida aló no Ceu a asmirou,
e desde entonses este novo pueblo
como a sua cabesa mirou á Pedro.

Pro o prinsipe infernal que ten xurado
faser o home encarnisada gerra
enfoumou a un cruel tirano
pra que a esa nova Ijresia disfixera;
e o primeiro que foi asisinado,
foi o que mais adiantos xa fixera;
o noso Apostolo Santiajo o Mayor,
e un dos mais queridos do Señor.

Tamen os mais Apostolos han sellado
coa sua sanjre a nova relixion,
morrendo nun dia Pedro e Pablo.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

e os outros, cada un na sua rexion;
Dioclesiano, Calíjula e Domisiano,
Trajano e outros de cuchina condision,
millós de mártires asesinaron
pro cos cristianos non acabaron.

Recostado Lourenso nas parrillas
e Catalina crabada con naballas;
Filomena a ló no mar fundida,
e outros postos os corpos en talladas:
todos estos deran as suas vidas
estando xa aló no Ceu cronados;
pois tan lexos de consigir o seu intento
a Santa Relixion iba en aumento.

Por todos cantos rincós hay na terra
a relixion xa habia projresado,
formando do mundo un solo pueblo
dirixido polo seu Xefe Soberano;
no seu risinto non hubo homes lelos,
que coa sua virtú e siensia a ilustraron
fundando o mismo tempo Casas Santas,
pra do demo venser as asechansas.

Os fillos de Binito e de Fransisco,
os de Dominjo, Ajustin, e de Bernardo,
fixeron mil soldados pra Cristo;
e esta jran soledá sivilisaron
hastra as ternas donsellas con afinco
nos novos convenlos entraron.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

para vivir con mayor devosion
e poder asi asejurar a salvasion.

Por ultimo a terra entonses paresia
un novo paraiso de santidá;
asi e que a virtú se conosia,
tanto que nosos abós en verdá
Santos poideran chamarse nestos dias
nos que entrou descarada á impiedá,
as ameijoadas gerras foron causa
de que tanto padesca a Ijresia Santa.

Injalaterra, xardin de tantos Santos;
Costantinopla. no tempo do Crisóstomo;
Italia, non fai ainda moitos anos
foron asmirados con asombro,
e hoxe de nosoutros apartados,
por caprichos verjonsoso que non nombro,
dibidos a Lutero e a Calviño,
e a outros de nomealos xa me indino.

¿E que poderemos disir os cristianos,
do influxo que esta Santa Relixion
tubo sempre en todas as sosiedades,
sin haber feito de eles eseusion
dibido o traballo infatijable,
dos homes de reuto corason?
¿como estarian oxe aljus pueblos
si non foran os probes misioneros?

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

¡Ay! que justo non lle da o disjrasiado,
o efeuto da Relixion Divina,
o infelis reo condenado
na última hora da sua vida
cando xa se ve abandonado,
posto na quel horroroso suprisio
solo o ministro da nosa relixion
de parte de Dios lle promete o perdon.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

PROLOJO.

Si aljun cubizoso rexoubar quere
porque estas fabulas eu escribo,
como o poeta Fedro el leere
alí encontrará á rason do mismo.

FÁBULA PRIMEIRA.

Un Lobo e un Año.

Estaban xuntos nun rio
un Lobo e mais un Año;
o Lobo por arriba
e o Año mais abaixo;
estonses dixo o Lobo,
oyes ti jran panarra
non camorrees conmijo,
que me emporcas a auja.
O Año respondeulle:
home e mais e verdade,
si a auja ven desde ti
mal podo eu luxala:
entonses dixo o Lobo
mais de seis meses pasa
que adentache comijo,
e respondeulle o Año;
tedes moita rason

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

inda eu non era nada:
lojo siria teu pay
no, doxe non escapas,
e ceibandolle as joupas,
o probe año apaña:
aprendan deste conto
os que con jrandes andan;
pois que o fin e o fallo
o rico sempre jana,
e o probe sempre é
quen se ve xirinjado.

FÁBULA SEJUNDA.

Un Jraxo e un Pavo

Pra que nunca suseda
o botala de juapo,
vou a contar un conto
en tono dun a fabula.
Un jraxo moy sobervo
quixo faserse aljo,
e pra esto apañou
moitas prumas dun pavo,
compuxose con elas
e volveu moy inchado
aló entre os mais pavos;
pero estos bulrandose
con fortes picotasos
deixarono molido
todo cheo de sanjre,
hastra que por ultimo

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

non podendo ajuantalos,
foise á xunto os seus
todo chorimicando;
estonses un da queles
ca bia despresiado,
dixolle: meu filliño,
si non houberas marchado
e estuberas contento,
no teu desente estado,
non te viras así
co corpo aporreado,
cada un, meu amijo,
sempre ha de contentarse
co que Dios lle deixou
é esto e o que che encargo.

FÁBULA TERSEIRA.

Un Can nadando.

Aquel que e codisioso
o fin cheja a pajalo,
e si no me creedes
podedes escoitarme.
Iba uu Can un a ves
cun anaco de carne
nadando polo rio,
e vendo á sua cara
pensou que outro can,
tamen carne lebaba,
e para larpar aquela,
¡oi que jrande panarra!

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

deixou caer a sua
aló dentro da auja,
perdendo asi aquela
pola que dejoxaba;
ben emprejado estubo
comera e marchara.

FABULA CUARTA.

Un Lobo e un a Jrulla.

O que aljun ben espera
daquel que e catralvo,
comete duas faltas
un a, por que fixo
o que non era dado;
outra, por que quixo
meterse nun pantano
donde para salir
hase de ver apretado.
Tiña un a ves un Lobo
un oso atrabesado
aló dentro da jorxa
que o tiña esjanado;
vendose neste apuro
os animás chama
pra que o oso lle saquen
donde estaba chantado
e pra esto prometelles
un jarrido rejalo,
os que o conosian
fuxiron decontado;

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

e sola probe jrulla
co seu peteiro larjo
chantandollo aló dentro
aquel oso lle saca:
entonses dixo o lobo
dame ajora o aginaldo.
pro este respondeulle:
¿e pareseche pouco
o que contijo fixen,
habendoche deixado
esa tua cabesa
da miña jorxa sana?
non repriques xa mais,
e vaite ben calada,
coxe tubiches festa,
non sei como asi escapas.
Aprendan deste conto
os que se fian de malos.

FÁBULA QUINTA.

Un a Raposa e un a Sijüeña.

Non se ha de faser daño;
e si aljun o fixera
non sinta co castijo
tubere de contado.
Disese ca raposa
aló en serto ano,
convidou á sijüeña
a comer un gisado,
e que estonses lle puxo

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

auja limpia nun prato;
a probe da sijüeña
por mais que se mataba
nunca co peteiro
podia apañar aljo;
enfadado con esto
¿qué fixo á condenada?
tramou outro convite
de bastante pillada:
puxolle un a botella
toda chea de carne,
o mismo co xijote
conque fan os gisados,
lojo dixo á raposa;
vaya, miña comadre,
ide xa prinsipiando:
á probe da raposa
a botella miraba,
lambia por afora
pro nada ela apañaba,
e solo co fusiño
ulía aquel gisado:
estonses a sijüeña,
chantou o seu peteiro
que como era larjo
enjulleu o momento,
todo canto gisado
habia na botella
sin deixar un bocado:
vendose á raposa
que tiña moita fame,
co rabo entre as pernas
marchouse averjonsada:

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

foille moy ben feito,
non fora atreisoada;
donde as dan as toman,
asi a xente fala,
e por eso amigiños
de prendé esta fábula.

FABULA SESTA.

A Denosiña e os Ratos.

Un a denosiña vella
non podendo cos anos,
coller como denantes
os ladrupeiros ratos,
maxinou un bo medio
para poder sarparlos;
envolveuse en fariña
nun curruncho gindada,
e estando muy quieta
todos cantos pasaban
botaballes as goupas,
e coa morte pajaban,
os roubos que fasian
do quiexo e mais da carne,
hastra que o fin pasou
un rato cheo de anos
coa barrija branca
que son esprimentados,
e mirando a fariña
cos seus fusiños larjos
pro seu cujote dixo:

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

asi ti estalaras
como eres fariña
a que ahi estas tirada.
A esperiensia á veses
e maestra moy sabia
e ela vale mais
cos mosos estricados.

FÁBULA SÈTIMA.

Un a Raposa e as Uvas.

Era un dia de outono
e a raposa estaba
atisbando un as uvas
e jrandes brincos daba,
para apañar aljun as,
pro ela non chejaba;
cansadiña de esto
e dando o demo ós saltos,
dixo: «xa no nas quero
ca inda estan moy ajrias.»
Cantos hay como ela,
que cando eles non poden
consigir un a cousa,
disen no na quero
porque non vale nada.

FABULA OITO.

Un a Vivora é un a Lima.

O que a outro mordéu
que e mais forte que él,

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

pode leer este conto
ca qui lle vou a poñer:
Chejou un dia á vivora
con janas de comer,
a casa dun ferreiro
e con moito leser,
encontrando un a lima
empesouna a roer,
a lima moy calada
non se pudo conter,
e dixolle: «ou cocha;»
¿non podes conoser,
que dismijallo o ferro
